

# CHAPLIN EN IMAXES

Charles Spencer Chaplin (1889–1977) foi unha das figuras máis importantes da arte cinematográfica do século XX e un dos máximos expoñentes do cinema mudo. Actor, director, guionista e compositor da música dos seus filmes, comezou en 1914, cunha serie de curtametraxes cómicas, unha traxectoria de máis de cincuenta anos que chegaría até *A Countess from Hong Kong (A condesa de Hong Kong)*, rodada en 1967 con Marlon Brando e Sofía Loren.

Nado en Londres nunha familia de comediantes, chegou aos Estados Unidos de América en 1910 e comezou a traballar con Mack Sennett na compañía Keystone. O primeiro Charlot era un personaxe intereseiro e sen escrúpulos que se aproveitaba das oportunidades que a vida lle ofrecía. En pouco tempo, o vagabundo humanizouse e pasou a representar o home normal, o personaxe da rúa enfrontado cos poderes que dominan o mundo.

Chaplin soubo aproveitar as súas extraordinarias calidades como actor para crear, a partir de xestos cotiáns, unhas coreografías cun grande efecto cómico. Así mesmo, tivo a capacidade de ver alén do éxito momentáneo dos seus primeiros filmes e en 1919 creou os seus propios estudos cinematográficos, a United Artists Film Corporation. A partir deste momento comezou a dirixir el mesmo as súas películas e a realizar longametraxes como *The Kid (O cativo, 1921)*, *The Gold Rush (A quimera do ouro, 1925)* ou *The Circus (O circo, 1928)*, coas que atinxiría a fama universal. Tornou nun personaxe público, aclamado polas multitudes e venerado por artistas como Fernand Léger, que converteron o Charlot nunha icona da arte de vangarda.

De 1930 en adiante, as películas de Chaplin comezaron a introducir reflexións acerca do mundo contemporáneo. Deste xeito, en *Modern Times (Tempos modernos, 1936)* criticou o modelo de vida estadounidense e, no final de *The Great Dictator (O grande ditador, 1940)* pronunciou un discurso a favor da harmonía universal que transcende as circunstancias do momento histórico. Aquel feito marcou o comezo dun período de relacións conflictivas coas autoridades dos Estados Unidos de América que culminou en 1952, cando lle foi retirado o visado de entrada.

**CHAPLIN EN IMAXES** reúne máis de douscentos documentos, principalmente fotografías, material documental e fragmentos de películas, algúns deles inéditos, que permiten ofrecer unha visión global da súa obra desde diferentes puntos de vista:

**A creación de Charlot.** Desde as primeiras curtas para a produtora Keystone até as longametraxes, Chaplin foi modelando o seu personaxe: un humor refinado e sensible substituíu progresivamente ás caídas e aos croques.

**Chaplin cineasta.** O Chaplin director amplía os seus rexistros. As súas películas recollen elementos autobiográficos en *The Kid (O cativo)*, de crítica social en *City Lights (Luces da cidade)* e de actualidade política en *The Great Dictator (O grande ditador)*.

**A coreografía de Charlot.** Unha das claves do éxito de Charlot foi a pantomima, os seus movementos automatizados que axiña tiveron imitadores. O corpo *fala*.

**Charlot e a vangarda.** Artistas e poetas de vangarda viron no Charlot un símbolo da modernidade, pola súa plasticidade física e os seus automatismos.

**Da fama ao exilio.** Preocupado polos temas sociais, tal e como reflectiu nas súas películas, Chaplin enfrontouse aos sectores máis conservadores da sociedade estadounidense, que o acusaron de comunista e que, ao final, o expulsaron do país.

**Chaplin fala, Charlot morre.** Chaplin inventara a súa propia linguaxe e demorou moito tempo en falar. Ninguén escoitou a súa voz na pantalla até 1936, en *Modern Times (Tempos modernos)*. O discurso final de *The Great Dictator (O grande ditador)* suscitou unha grande polémica. As últimas películas de Chaplin, *Limelight (Candilejas)* e *Monsieur Verdoux*, rematan coa morte do protagonista nun xesto que expresa a soidade do creador.

A exposición quere destacar a universalidade do personaxe de Charlot e a importancia do cinema no desenvolvemento da sensibilidade contemporánea e no imaxinario colectivo.



# CHAPLIN EN IMÁGENES

Charles Spencer Chaplin (1889–1977) fue una de las figuras más relevantes del arte cinematográfico del siglo XX y uno de los máximos exponentes del cine mudo. Actor, director, guionista y compositor de la música de sus filmes, inició en 1914, con una serie de cortometrajes cómicos, una trayectoria de más de cincuenta años que llegaría hasta *La condesa de Hong Kong*, rodada en 1967 con Marlon Brando y Sofía Loren.

Nacido en Londres en una familia de comediantes, llegó a Estados Unidos en 1910 y empezó a trabajar con Mack Sennett en la compañía Keystone. El primer Charlot era un personaje interesado y sin escrúpulos que se aprovechaba de las oportunidades que le ofrecía la vida. En poco tiempo, el vagabundo se humanizó y pasó a representar al hombre corriente, al personaje de la calle enfrontado con los poderes que dominan el mundo.

Chaplin supo aprovechar sus extraordinarias cualidades como actor para crear, a partir de gestos cotidianos, unhas coreografías de gran efecto cómico. Además, tuvo la capacidad de ver más allá del éxito momentáneo de sus primeros filmes y en 1919 creó sus propios estudios cinematográficos, la United Artists Film Corporation. A partir de este momento empezó a dirigir él mismo sus películas y a realizar largometrajes como *El chico (1921)*, *La quimera del oro (1925)* o *El circo (1928)* con los que alcanzaría la fama universal.

Se convirtió en un personaje público, aclamado por las multitudes y venerado por artistas como Fernand Léger, que convirtieron a Charlot en un icono del arte de vanguardia.

A partir de 1930 las películas de Chaplin empezaron a introducir reflexiones sobre el mundo contemporáneo. Así, en *Tiempos modernos (1936)* criticó el modelo de vida norteamericano y al final de *El gran dictador (1940)* pronunció un discurso en favor de la armonía universal que trasciende las circunstancias del momento histórico. Aquello marcó el inicio de un período de relaciones conflictivas con las autoridades de Estados Unidos que culminó en 1952, cuando le retiraron el visado de entrada.

**CHAPLIN EN IMÁGENES** reúne más de doscientos documentos, principalmente fotografías, material documental y fragmentos de películas, algunos de ellos inéditos, que permiten ofrecer una visión global de su obra desde diferentes puntos de vista:

**La creación de Charlot.** Desde los primeros cortos para la productora Keystone hasta los largometrajes, Chaplin fue modelando su personaje: un humor refinado y sensible sustituyó progresivamente a las caídas y los coscorriones.

**Chaplin cineasta.** El Chaplin director amplía sus registros. Sus películas recogen elementos autobiográficos en *El chico*, de crítica social en *Luces de la ciudad* y de actualidade política en *El gran dictador*.

**La coreografía de Charlot.** Una de las claves del éxito de Charlot fue la pantomima, sus movimientos automatizados que rápidamente tuvieron imitadores. El cuerpo *habla*.

**Charlot y la vanguardia.** Artistas y poetas de vanguardia vieron en Charlot un símbolo de la modernidad, por su plasticidad física y sus automatismos.

**De la fama al exilio.** Preocupado por los temas sociales, tal como reflejó en sus películas, Chaplin tuvo que enfrentarse con los sectores más conservadores de la sociedad norteamericana, que le acusaron de comunista y que finalmente le expulsaron del país.

**Chaplin habla, Charlot muere.** Chaplin, que había inventado su propio lenguaje, tardó mucho tiempo en hablar. Nadie escuchó su voz, en la pantalla, hasta 1936, en *Tiempos modernos*. El discurso final de *El gran dictador* despertó mucha polémica. Dos de las últimas películas de Chaplin, *Candilejas* y *Monsieur Verdoux*, finalizan con la muerte del protagonista en un gesto que expresa la soledad del creador.

La exposición quiere destacar la universalidad del personaje de Charlot y la importancia del cine en el desarrollo de la sensibilidad contemporánea y en el imaginario colectivo.

